

**CONSELLO PARROQUIAL
CERPONZÓNS
07/11/16**

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- AAVV O Chedeiro
- Asoc. Cultural Chan do Monte
- Cerponzóns CF
- Veciños e veciñas da parroquia
- Pilar Comesaña
- Demetrio Gómez

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña e o coordinador do rural Demetrio Gómez, reúnense cos membros do consello parroquial de Cerponzóns para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- 1. Parque infantil na Igrexa
 2. Campo de fútbol
 3. Senda dende o campo ata O Pontillón
 4. Arranxo de pistas
 5. Saneamento Igrexa
 6. Casa de cultura
 7. Suxestións e peticións

1.- PARQUE INFANTIL

Para que o futuro parque infantil da Igrexa cumpla a normativa vixente é necesario que o episcopado faga a cesións duns terreos anexos. Dende o Concello xa se fixo a solicitude por escrito e estase a espera de resposta.

2.- CAMPO DE FÚTBOL

O presuposto para o acondicionamento do campo de fútbol de Cerponzóns terá un orzamento aproximado de 1.200.000 € e será a inversión máis elevada feita polo Concello en deportes.

Os pregos técnicos xa están feitos e agora atópase en fase de contratación, valorando todos os proxectos e as melloras dos mesmos. Posteriormente publicaranse nos boletíns. Está previsto que ao longo do ano que ven a execución da obra esté rematada, intentando que sexa antes do inicio da vindeira liga posto que se celebra o 20 aniversario do clube Cerponzóns.

As medidas do terreo de xogo cumprirán a Normativa fixada pola Fifa, e serán exactamente as mesmas que as dos demais campos de fútbol que execute o Concello. Construiranse novos vestiarios, almacéns e cantina, así como se mellorará a entrada.

3.- SENDA PEONIL

Unha vez que esté rematado o campo de fútbol, executarase unha senda peonil que o una co Pontillón do Castro formando parte dunha rede de sendeiros peonís que o Concello vai a poñer en marcha.

4.- ARRANXO DE PISTAS

- **Pidre:** Arranxar a pista que nace na Balea, quedando así o acondicionamento do barrio rematado.
- **Vigario:** Logo de chegar a un acordo cun veciño para que faga unha cesión ao Concello, procederase ao rebaixe dun talud para que o acceso a ese barrio mellore notablemente.
- **Cunchidos:** Unha vez que xa esta medida a pista dende a estrada de Santiago ata a baixada, incluídas as entradas as propiedades. En breve comenzarán os traballos.

5.- SANEAMENTO

Está licitado o tramo de saneamento dende a parte de abaixo da igrexa ata casa Falcón. A obra será acometida na súa totalidade polo Concello, xa que a Xunta de Galicia ten sen firmar o convenio do saneamento para o rural dende o ano 2014. Éste é o motivo polo que o plan de saneamento esté sufrindo certo retraso. A Xunta tería que asumir o 70% do custe de todos os proxectos, que está sen asumir dende o 2014.

6.- CASA DE CULTURA

Os técnicos municipais fixeron un estudo do contorno da casa de cultura para que o consello parroquial o analice e aporte as súas suxestións

- Calmado de tráfico e poñer suntuído único por diante da casa de cultura. O outro sentido de circulación faríase por detrás da casa. Un propietario cede terreo para facer máis ancho o acceso a esa parte de atrás.
- Refacer totalmente a parte de atrás, pasando para ahí o aparcamento. Se se talan ás árbores existentes (de escaso valor medioambiental) e se retranquea o cierre, gañanse bastantes prazas de aparcamento.
- Elevación do firme e pintado dunha cor distinta ao asfalto do fronte da casa de cultura. Sería un tramo con prioridade peonil. Velocidade máxima de 30 ou 20 Km/h. Inténtase desta forma que a casa de cultura funcione como núcleo de centralidade. O Consello parroquial ten que decidir si se eliminan as xardineiras e ampliar así ese espazo de encontro.
- O consello parroquial fai algunhas suxestións ao proxecto: que se amplie o acceso a minuválidos ao segundo edificio. Si se pode cambiar a entrada para a parte de atrás. Aproveitar o muro de cierre do parque para facer bancos.

Decoración interior casa de cultura. A asociación de veciños “O Chedeiro” propuxo no seu momento que o interior se empapele con fotografías da parroquia, para dar a coñecer o seu pasado, e que funcione como unha exposición permanente da historia da parroquia. Xa hai diseñados varios paneis:

- Logo da parroquia
- Mapa da parroquia e patrimonio da mesma

- Orixe etimolóxico de Cerponzóns
- Fotografías de documentos
- Arqueoloxía
- Restos romanos
- Igrexa e a súa heráldica. Explicacións do camiño de Santiago
- Muiños, cruceiro de Rons, muiños, lavadoiros, persoeiros, etc

7.- SUXESTIÓNS E PETICIÓNS

- Bacheo na Hermida, dende o Rancho hacia abaixo e facer algunhas canaletas
- Arranxo total da pista que sube ata a igrexa
- Quitamedos en A Meán (curva bastante pronunciada)
- Estudiar a titularidade dos lavadoiros e no caso de ser privados estudar a cesión dos mesmos ao Concello

- Dende a Asociación de veciños plantexan facer consellos parroquiais máis periódicos, dende a comunidade de montes prefiren que so se fagan cando sexan realmente necesarios, non facelos por facer.
- Actualizar a dirección da casa de cultura e poñer o cartel do lugar de Pidre no lugar correcto.
- Que o centro social se denomine “Centro Social de Cerponzóns”
- Cando se desbrocen as cunetas que non se deixen os restos nas cunetas
- Rematar o parque e podar as árbores
- Poñer protección e pintar “stop” en Manxarón
-